

Follas do Cineclub | 11/05/2016

Vida cotiá nunha aldea siria

[[Al hayatt al yawmiyah fi quariah
suriyah], Omar Amiralay, Siria, 1974, 83', VOSG]

02

Extractos de COMOLLI, Jean-Louis & DANEY, Serge: "Entretien avec Omar Amiralay" in Cahiers du Cinéma, Juillet-Aout 1978, nº 290-291, p. 79-81

A *vida cotiá* é un filme que foi realizado no 72 co dramaturgo sirio Sadala Wannous. Era o meu primeiro filme, non fixera nada antes, agás unha curtametraxe. Naquela altura, aproveitamos unha situación que xogaba ao noso favor [...]: á fronte da Organización do cinema había un marxista. Simplemente dixémoslle que queríamos facer un filme que describira a vida cotiá nunha aldea siria sen termos ningunha idea pre-concebida, sen coñecer a vila, sen ter por adiantado unha formulación da cuestión agrícola en Siria, da cuestión da terra. [...]

Comezara estudar cinema no IDHEC, pero logo parei polos acontecementos do 68. [...] Estaba pois mal influenciado polas investigacións teóricas que había na altura en Francia. Partiamos desa idea: é preciso que o cinema vaia cara á realidade, que diga a verdade co menor número de intermediarios. Un cinema austero, pois: un cineasta cunha cámara e un mínimo de técnicos (que poden, na relación cineasta/realidade, funcionar como unha sorte de parasitos). Mesmo a cámara nos molestaba porque tamén era un intermediario, por iso decidimos que cumpría realizar o filme con moi poucos medios, na austeridade máis total. Debiamos filmar a película sen cámara profesional e do son era Sadala Wannous quen debía encargarse. Enlouquecidos por estas consignas mobilizadoras en favor dun cinema austero, marchamos sobre o terreo. [...]

Pero ao noso regreso (estivéramos alí unha semana) atopamos que aquilo non funcionaba, descubrimos que o cinema requiría polo menos un mínimo de esixencias técnicas e que abolir o intermediario non era abolir o equipo máis que nas nosas cabezas. Por iso nos vimos obrigados a abandonar os 35 mm., porque era un material moi pesado, moi molesto e que puña medo aos labregos cando nos vían incómodos con todas esas caixas negras, e sobre todo polo ruído da cámara. A xente estaba relaxada ao principio, pero unha vez que se puña en marcha a cámara e comezaban a escoitar o ruído do motor, xa estaba. Era a invasión para as xentes da aldea, era a presenza oficial e paraban, estaban completamente tensos. Comprendemos que cumpría ser máis discretos con respecto ao material e tamén con respecto a mostrar as nosas intencións públicas en fronte dos labregos. Non puidemos abolir esa relación cos labregos, a contradición entre os homes das aldeas e os homes da capital. [...]

Ao comezo, non houbo un verdadeiro contacto, non houbo simpatía entre nós e os labregos. Simplemente nos temían. En realidade, tomábannos pola policía secreta e tiñan razóns para facer esa asociación, vista a nosa maneira de falar e sobre todo de facelos partícipes dunha maneira moi libre das

nosas intencións (algo que facía a policía secreta da época, para sacarlle información á xente). Tiñamos que cambiar de método ou non poderíamos chegar nunca a sacar un só anaco de realidade ou de información da boca dos labregos. [...] Sabiamos ben que, neste país, para obter a confianza de alguén non chega con ter as ideas claras ou declararse honesto, preciso e profundo diante del. Cómpre pasar de certo por un intermediario social, que pode ser a familia, un amigo, a tribo, un tipo do barrio, etc. Daquela comezamos a buscar en Deir ez-Zor, que é o centro administrativo da rexión do Eufrates, axentes que foran intelectuais e que ao tempo tiveran vínculos familiares, tribais, etc., coa aldea onde debiamos traballar. E funcionou, eses tipos que por sorte eran de esquerdas e que comprenderon o noso enfoque, dixéronnos: "De acordo, vamos pórvos en contacto", e rapidamente vimos os resultados da súa intervención. Os labregos comezaban a nos deixar penetrar na súa propia realidade cotiá. [...]

As nosas aldeas están a meirande parte do tempo espalladas, especialmente no Eufrates, porque hai territorios inmensos e a terra distribuída logo da reforma agraria representa superficies enormes (de 10 a 50 Ha., etc.). Así, os labregos son semisedentarios, de tradición beduína, de xeito que a comunidade urbana, a comunidade civil, non a coñecen e, para eles, unha casa é unha tenda. Se hai un pouco de auga, destrúen a casa e poden recuar dez metros sen que sexa unha molestia. Para eles a casa non é algo eterno. Así que a aldea estaba espallada por 10 km. e cada un chantaba a casa á entrada do seu anaco de terra. Non había polo tanto *unha aldea*, nin relacións sociais, cotiás, físicas e públicas. Por suposto, había relacións humanas, tribais, pero neste tipo de aldea só se manifestan nos casamentos e nas festas, ou para a chegada dun estraño á casa do xefe da tribo, cando todo o mundo se xunta. Polo tanto, describir eses xestos cotiáns, eses detallíños, éranos completamente imposíbel. É por iso que o filme, como o concibimos despois, estaba principalmente centrado na entrevista. Era completamente preciso illar, secuestrar ao labrego da súa verdade para que nos contara como vivía. [...] Cumpria, pois, coller o labrego sentado como está, estábel como é, con só a súa boca en movemento. É por iso que a meirande parte do filme está feita de entrevistas.

As outras cousas recollémolas aquí e alá para constituír o tecido do discurso do filme, para ligar unhas entrevistas con outras, co fin de evitar que virara nunha reportaxe televisiva ou un debate televisado, algo que tería sido horríbel. Polo menos tiñamos máis ambicións do que iso. Como a realidade ás veces reserva un golpe de azar, en *A vida cotiá* tivemos ese golpe de azar. De feito, logo de comezar a gravar as entrevistas ou a filmar os anacos de realidade... volvemos a Damasco outra vez sen estar moi convencidos do material. [...]

Por sorte, había eleccións municipais no país e por suposto a aldea estaba interesada por elas. E, como no 70, a esquerda estaba en regresión e a dereita subía. Na aldea mesmo había tres candidatos: un candidato do partido Baaz, un candidato que representaba aos terratenentes e un terceiro que era verdadeiramente o representante histórico da Siria do 72 e que tocaba as dúas forzas: a un tempo tiña boa relación cos sindicatos e co partido e boa relación cos xefes tribais. Ben, as eleccións tiveron lugar, os labregos quixeron votar ao representante do partido e os xefes feudais ofendéronse, aínda máis tendo en conta que a meirande parte dos labregos traballaban as súas terras. [...]

Palpar a realidade

Omar Amiralay

Estes labregos pobres en cuestión eran doutra tribo. E a tribo que dirixía a economía da aldea exerceu represalias contra eles: mataron o xefe do sindicato e botaron das súas terras uns douscentos labregos coas familias. Nós estábamos en Damasco e recibimos unha chamada dicíndonos que pasara algo en Mwaylih e que, se queriamos vir, habería cousas que filmar. Partimos alí rápido, pois, e vimos o mapa social da aldea completamente mudado. Antes, escoitabamos e víamos como a situación era crítica, pero non chegáramos á madurez da situación e dos datos obxectivos. Viamos que había algo que acontecía, os labregos non podían expresalo con palabras. E finalmente expresáronse, materialmente falando, cando votaron e cando se enfrontaron directamente coa violencia dos latifundistas. Estivemos no lugar, vimos ao sucesor do xefe do sindicato que estaba completamente conmocionado, fomos visitar o xefe administrativo que é tenente de policía nunha aldea veciña, e o xefe de policía deixou ás claras que era incapaz de intervir, que o consideraba un conflito tribal, non un conflito de clases. Fomos ver os repatriados, todas aquelas familias que durmían sen teito, que estaban nunha situación lamentábel. As mellores entrevistas tivémolas con esas persoas, que falaban dun xeito moi directo, moi franco, porque sabían que non tiñan nada máis que perder. Mesmo o pánico ao oficial desapareceu por completo, porque nos falaron da complicidade do Estado, da administración do Estado, do partido e dos sindicatos cos latifundistas dunha maneira verdadeiramente incríbel. Sobre todo os pequenos cadros que traballaban no sindicato, máis conscientes do que os labregos, trazaron para nós unha análise que demostrou toda a súa verdade e toda a súa xustiza nos últimos tempos. É dicir, logo de rematado o filme. Con estes repatriados non tiñamos moito que facer: nin facer cinema, nin meter efectos, nin tomar planos curtos dos rostros entristecidos. Só era preciso deixar a cámara no trípode e deixalos falar. Iso é o que fixemos, eu creo de verdade que non hai intervención. Mesmo hai un plano onde hai un muller que ven contra a cámara (escoitara que se estaba a filmar alí). Tirase dos cabelos e berra e o seu home, que estaba con ela, di: “Apartádevos, quero falar” e diríxese á cámara e comeza a falar. Creo que esa era a intervención máis concluínte do filme e deixei para o final. Di todo o que tiña que dicir, e berra ao final: “Temos fame! Estamos morrendo!”. Son as dúas derradeiras frases do filme. Por esa parte, pois, hai persoas que tomaron consciencia de que a cámara podía converterse nun elemento que transporta, que pode transmitir a verdade. Viñeron directamente cara a ela, sen que usáramos tácticas nin manobras, como faciamos cos oficiais, os administrativos, os tipos do sindicato, os latifundistas, etc. [...]

Vese moi ben no filme como penetra na aldea un equipo estranxeiro (aínda que fosemos sirios, éramos estranxeiros), vese como palpamos, como tocamos a realidade, para coñecer a fisonomía dun labrego [...]. E a medida que este lado descritivo tateante deixa paso á análise, cede o lugar aos labregos que continúan o filme. E é o que acontece na metade do filme: os labregos comezan a tomar a palabra, os

labregos manteñen a trama da loita de clases no filme. [...] Servímonos do outro material, o material oficial: entrevistas ao xefe de policía, entrevistas ao xefe do sindicato rexional, un discurso moi oficial que filmamos de xeito que mostramos un tipo a falar detrás dunha mesa, que busca as palabras, que fala ás veces sen reflexionar, que rompe cunha serie de parágrafos. Xogamos cun efecto de lonxitude porque tiñamos medo que para a xente de aquí (pensabamos en que o filme fose proxeccionado en Siria) o discurso, se fose curto, pasara desapercibido, ou como algo moi habitual en relación ao tempo normal na realidade. Tiñamos medo de que o espectador non chegara desmitificar o discurso do tipo e xogamos coa noción do tempo, até un momento no que o espectador comeza a aburrirse, a axitarse e a dicir: “Pero que lareta este tipo?”. [...]

Non quixemos facer unha intervención ideolóxica a través de comentarios, a través de intertítulos. A nosa intervención ideolóxica eramos nós, presentes no filme, como equipo que, de cando en vez, traía as dificultades encontradas no achegamento a esta realidade. [...] Só había unha intervención ideolóxica ao final do filme, e non sei até que punto era necesaria. Era a frase de Frantz Fanon que di que todo espectador é un traidor ou un covarde.

Esa é a vida cotiá, o contexto histórico, político, etc. do filme. Como xa dixera, había un elemento subxectivo que era o director da organización do cinema, pero ao mesmo tempo había un elemento obxectivo que cambiaba as consignas que eran esgrimidas polo partido Baaz. As consignas socializantes, mesmo moi radicais, que fixeran que se chegara a chamar a Siria “a Cuba do Oriente Medio” nos anos 60. Nos xogabamos un pouco con esas consignas que aínda existían, pero non nos deramos de conta de que, efectivamente, as estruturas do país cambiaban e que mesmo o poder, con relación a esas consignas, non podía xogar a dúas bandas e estaba obrigado a as rectificar dando recomendacións á radio, á televisión e á prensa, para pór unha sordina ao tema da loita de clases co pretexto de que todo o mundo debía facer actualmente unha fronte única para enfrontarse ao inimigo israelí. [...]

Cando o filme estivo rematado, toda a dirección da Organización do cinema foi apartada e un bo intérprete das novas consignas pasou á fronte desta organización, levando automaticamente á prohibición do filme. [...] En todo caso, puidemos salvar unha copia que se enviou a Francia e é así como puidemos facer coñecer o filme.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAI
2016

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 @ cineclubedecompostela.blogspot.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @ cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na
 Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
 Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

Mércores 4

*Demasiado pronto/
 Demasiado tarde*
 (Trop tôt/Trop tard, Jean-Marie
 Straub e Danièle Huillet,
 Francia-Eixipto, 1982, 100', VOSG)

Mércores 11

Vida cotiá nunha aldea siria
 ((حيروس حيرق يف تيمويل تالي حلا)) [Al hayatt
 al yawmniyah fi quariah suriyah],
 Omar Amiralay,
 Siria, 1974, 83', VOSG)

Mércores 18

Leccións das tebras (Lektionen
 in Finsternis, Werner Herzog,
 Alemaña-Francia-
 Reino Unido, 1992, 50', VOSG)

Mércores 25

Walsed
 (Walsed, Alberte Pagán,
 Galiza, 2014, 4', VO)

Frank (Frank, Alberte Pagán,
 Galiza, 2015, 65', VO).

**Estrea. Coa presenza do
 director.**